

EDLG Aquis Celenis



<b>NORMALIZ... ANDO</b>	
<b>Iniciativas</b>	<b>2</b>
<b>CRE... ANDO</b>	
A lenda dos homes libres	7
Poemas	8
+ Poemas	10
Microtextos finalistas	11
Don de lingua	18
<b>ENRED... ANDO</b>	
Frases célebres de profes e profas	16
Quen é quen?	18
Quen falta?	19
<b>REFLEXION... ANDO</b>	
Sabes quen son?	20
Longa lingua	20
Tomando nota	21
UMM, que gusto en galego	22
Repetir curso con só algunas materias	23
<b>VIAX... ANDO</b>	
Diario do Intercambio LycéeVial (Nantes)-Aquis / Opinión.	25
Aquis-tá Grecia. Parellas e "anegdotas". Vixae cultural.	28
Melgaço. Proxecto Terra.	35
Intercambio co IES Porta da Auga (Ribadeo)	37
<b>COLABOR... ANDO</b>	
O club do poeta morto	38
Nós tamén xogamos	39
Curso de radio	40
Novos graffiteiros	40
Aquis entra en acción	41
<b>ARRAS... ANDO</b>	
Parabéns	42
<b>PREGUNT... ANDO</b>	
Entrevista a Aid	43
Entrevista a Marisol, atleta	47
<b>BROME... ANDO</b>	
Humor galego	48
<b>RECAPITLUL... ANDO</b>	
Galerías de fotos	49
<b>ACAB... ANDO</b>	
Orgullos@s	52

## EDITORIAL

Otro curso más o Ruxe-Ruxe chega ás túas mans e ti, que o lerás a saltos, ou non o lerás, ou o lerás todío ( haberá alguém que o lea todío!!!!?????) abriralo sen ser consciente do gran tesouro que tes nas túas mans. Claro que o é, é o tesouro da lingua... Por iso, tamén no teu nome, queremos dar as grazas a todos os que fan posible que este tesouro chegue, e son moitos...

Queremos agradecer aos que cada día responden en galego aos pais cando eles falan nesta lingua que xa aprendean dos seus,

queremos agradecer aos que axudan aos compañeiros a aprender a nosa vosa-súa lingua porque llela seguen falando a pesar de que eles/elas falen en castelán,

queremos agradecer aos que se dirixen ao profesorado en galego porque saben que eles/as queren a lingua tanto que están desexando ter ocasión de usala,

queremos agradecer aos que se dirixen ao alumnado en galego porque lles están axudando tanto...

queremos agradecer aos que queren aprender a usar a lingua con normalidade e o intentan cada día.

Queremos agradecervos:


***Moitas grazas pola lingua e polo que nela dicides...***

## NORMALIZ... ANDO

**P**ois, que ando-andas-andamos normal ou, se lle damos a volta, normal-ando ou normaliz-ando.

**Por iso**, quixemos levar a nosa lingua a todos aqueles ámbitos onde non está tan presente como debera e onde algúns aíandan pensar que o galego "non queda ben".

**Para iso**, propuxémosvos participar nas seguintes actividades (a ver se as lembrades!!):



Alá no mes de novembro, os departamentos de Ciencias Naturais, Física e Química e Tecnoloxía volcáronse nesta xornada na que puidestes participar en torneos matemáticos, aprender sobre o grafeno, simular o funcionamento dun volcán e tamén participar, xunto con outros 80 centros educativos de Galicia

nunha experiencia única: unha conferencia interactiva con expertos en física de partículas cos que puidestes dialogar a pesar de estaren en Xenebra e en Santiago e, por suposto, en Galego!

*Quen dixo que o galego non serve para os científicos que traballan fóra de Galicia???*

Hai quen pensa que non hai cine en galego e, en parte, non lle falta razón porque, comparado co que podería haber hai moi pouco. Vivimos un bo momento para o noso cine pero... o que non hai son cartos, áinda que ideas e actores hai en cantidade e en calidade. A mostra foi a Semana das curtas, puidestes acceder aos traballos que non atopades normalmente nas salas comerciais e... (hostia!, hostia!, hostia!), non están tan mal...

Ademais tamén quixemos que as vosas familias tivesen a mesma posibilidade por iso, de forma convxunta cos do Afonso VII, fixemos un pase especial para eles no Auditorio de Caldas.

*Quen dixo que non se pode facer cinema en galego???*

		www.semanacurta.com	
TÍTULO		A SEMANA DAS CURTAS!	
DIRECTOR		Unha selección de curtametraxes galegas	
DATA		ONDE	ORGANIZA/COLABORA
Venres, 11 de Marzo	ás 19,30	Auditorio de CALDAS	EDLG Agus EDNL {g coordinadora galega de equipos de normalización e dinomización lingüística EDLG Alfonso VII



3º concurso de  
DECLARACIONES DE AMOR



**S**odes uns/unhas poetas, mira que dixestes cousas bonitas, desas que saen directamente do corazón...

Houbo algunha afortunada que... ben podía repartir!!!

**E**, como en anos anteriores (xámos pola 3º edición) convocamos o certame de microtextos "Terras do Umia", no que participastes de maneira desigual, (parece que a medida que medrades as gañas de participar lévaas o vento... )

Disto xa nin preguntamos, non hai ningún que a estas alturas dubide da boa calidade da literatura galega (si, as vosas participacións son literatura galega!!!). E do outro... tamén han deixar de dubidar.

*Quen dixo que errare humanum est? (Loli, quen o dixo??) Pois iso, que estaban confundidos: **en galego podése facer de todo!!!***



## Por iso... facemos:

### CALENDARIOS




### PEGATINAS



## Mantemos os nosos blogs:

<http://aquisporta.wordpress.com>



<http://aquisfalamos.wordpress.com>



Organizamos concertos e recitais, presentacións de documentais, charlas con escritores, saídas a obras de teatro:



Lucía Aldao e María Lado "Menos poesía e más diversión"



Concerto da rapeira Aid

**Mantémosvos informados e entretemosvos durante o curso:**

**CALDEIRADA de LETRAS** N.º 8 / XU/2010  
BOLETÍN DO ALUMNADO DA S.X. AQUIS CELLENS  
NOVEMBRO, DE MEDO  
SAMARÍ CONCURSO DE CALAOUS E MOCYNA RACIO

**EDITO**

Caldeirada de Letras é unha revista que se publica trimestralmente. Nela atoparás información sobre os proxectos e actividades realizadas no noso centro, así como artigos escritos por profesores e alumnos. Tamén publicamos poemas, contos, crónicas, artículos, etc. que nos interese. Toda a información que aparece en esta revista é de autoría propia, salvo que se indique lo欗. As fotografías que aparecen son de autoría propia, salvo que se indique lo欗.


Este número de Caldeirada de Letras está dedicado ao concurso SAMARÍ CONCURSO DE CALAOUS E MOCYNA RACIO. O concurso consiste en elaborar un poema de calaous ou mocyña racio. O tema é libre, pero debe ser sobre o medo. O concurso está destinado a todos os alumnos do noso centro. O resultado da convocatoria será publicado no próximo número de Caldeirada de Letras.

**MADRASOS SERIO NO AQUIS**


O pasado 12 de novembro tivemos o acto de entrega dos diplomas de los premios de la convocatoria "Madrassos serio no Aquis".

### E ademais, pasamos á acción...

Neste ano, xunto co CPI de Portas demos o salto á pantalla grande: aquí tedes unha imaxe da rodaxe da Foto-Séntese. Teredes noticias de Portaquís visións.



**E por se fose pouco, tamén colaboramos cos nosos veciños para facer que as redes de normalización produzcan mellores resultados:**



xa por terceiro ano consecutivo, traballamos cos compañeiros dos outros centros da comarca, facendo actividades conxuntas, nomeadamente o III Certame de Microtextos Terras do Umia. Os premios, xa sabedes, entregáronse na **Segunda Festa da Lingua**, onde tamén se entregaron os diplomas aos establecementos hostaleiros que quixeron contribuír á normalización da lingua. Ao igual que o resto dos equipos de Terras do Umia, quixemos que os hostaleiros da Comarca, en concreto os de Caldas, usasen a nosa lingua nos seus negócios e propuxémossiles traducírlas as cartas, foi a campaña "**UMM, que gusto en galego**". Fixádevos na imaxe porque algúns locais que quixeron participar lucirán os diplomas acreditativos. A verdade é que nós non tivemos moito éxito, aínda que a compañeiros/as doutros centros foilles algo mellor.



En fin, que entre todos/as imos andando camiño, facemos cousiñas para que esteamos más a gusto, o que se di "comer na casa" ... invitámuste a vir cando queiras.



## FESTA DA LÍNGUA

Antía González e Sheila Couselo, 4º ESO


O pasado mércores 4 de maio celebrouse no auditorio municipal de Caldas de Reis a Festa da Lingua. Asistiron ao evento os distintos colexios e institutos da comarca do Umia, entre eles o AquisCelenis. O alumnado de 4º da ESO, os finalistas dos concursos de micropoemas e de microrrelatos e os integrantes do EDLG puidemos participar nas actividades que se levaron a cabo no dito acto.

A celebración abriuse cun monólogo sacado da adaptación do libro *Made in Galiza* do autor Sechu Sende que o noso vicedirector, Pedro Lamas, arranxara con anterioridade para a obra de teatro que se estreará proximamente no instituto. O actor David Fontán representaba a Ernesto, un obreiro en paro que pretende ganhar cartos "refacendo deseitas lingüísticas". De seguido, Pablo Rodríguez encargouse da presentación da ceremonia e a quien presentou en primeiro lugar foi ao contacontos Celso Sanmartín que subiu ao escenario para compartir varias das súas emocionantes historias. Nelas puidemos atopar malvadas madrastas, animais que falaban e campesiños que se sorprendían ao visitar A Coruña. No medio da súa actuación o contacontos desenvolounos o seu segredo: "o importante é falar de cousas que se coñeza".

A continuación a Concellerira de Cultura, dona Socorro Goldar, entregou os premios "UMM... que gusto en galego" a varios establecementos hostaleiros de Barro, Moraña e Caldas, que aceptaron cambiar as cartas dos seus locais ao galego. Os participantes recibiron un diploma como agasallo.

Despois doutra intervención do obreiro Ernesto, o compañeiro Adrián Romero tamén desenvolveu un monólogo no que nun ton humorístico reflexionou sobre a lingua galega.

Para rematar o acto, o presentador, axudado pola súa irmá que estuda no Afonso VII, repartiu os premios aos gañadores do 3º certame de microtextos Terras do Umia. Entre os eles atopábanse dous alumnos e un profesor do noso instituto: Walter, Adrián e Chema.



# CRE... ANDO

## A LENDA DOS HOMES LIBRES

Walter Rodríguez

Antía Piñeiro (debuxo)



**R**ecordo aquel día da carnicería en terras do tirano Xerxes, ese perso egocéntrico, que se facía chamar ``rei'' pero que se preocupaba máis por se lle faltaban mulleres e cartos que os ríos e ríos do sangue que derramaban os corpos dos seus soldados, incrédulos, ó pensar que o seu venerable e Todopoderoso rei cumpriría con todo o prometido. Tivemos que esperar a nosa vinganza por aqueles 300 homes libres ao mando do rei dos leóns...

### ATA QUE CHEGOU ESE DÍA :

Eramos 2000 homes, nin máis nin menos, cunha lanza e mais un escudo nas nosas mans, fronte a aquel que roubaba a liberdade a tódolos pobos, non só de

Grecia, senón que tamén de toda Europa, de toda Asia... De todo o mundo. Eramos 2000 homes dispostos a derramar ata a última pinga de sangue para liberar a toda Esparta, a toda Grecia e a todo o mundo das gadoupas de Xerxes. Por iso no campamento, o día anterior, e a pesar das ameazas do covarde que se esconde tras as costas dos seus súbditos, estabamos ansiosos por que Helios espertase do seu letargo. <<Bañaremos o campo co sangue persa!>>, arengaba sempre motivado, o noso xeneral, Desdenos, valente onde os haxa.

Finalmente, aí estabamos , esperando a colisión coas espadas afiadas e as súas armaduras. Crían aqueles 15000 egocéntricos coma o seu rei que matarnos sería coser e cantar... Pola boca morre o peixe. Eles non sabían o sufrimento que pasamos, abandonados de pequenos á nosa sorte; e non sabían que ese sufrimento, ese medo, esa anguria, esas gañas de volver aos brazos das nosas nais... Esvacéronse nos recordos da memoria. Xa venceríamos á morte, vencendo os nosos medos. E así aconteceu. O escenario colapsado dos corpos sen vida de ámbolos dous exércitos. Sobrevivimos 600 homes, que levamos nas nosas mentes ós compañeiros que serán recordados tamén como homes libres, homes que lle romperon ó mundo as cadeas da represión einxustiza do que nunca foi rei, por máis que se autoproclamase como tal.

## POEMAS

Antía González Barral

Cristina Janza e Iustina (debutuxos)

Sinto sentir o que sinto por ti.

Sinto que non o sintas.

Ás veces, sinto existir.

Sufro por non querer que sufras.

Sufro por verte sufrir.

Ás veces, sufro existir.

Quero ser a que non te quere.

Quero ser a que é sen ti.

Ás veces, quero existir.

Perder o medo a perderte

foi o que me perdeu a mi.

Perdín os soños, a honra, o xuízo...

Perdín o rumbo ao perderte a ti.

Perdín moi tempo xogando

a un xogo que non puiden gañar.

Agora xa non se me perde nada

nesta estúpida vida de azar.

Perdinlle o respeto á morte

ao perder a cabeza por ti.

Perdín a paciencia, perdín o norte.

Perdino todo ao perderte a ti.

Non foi máis que a túa obsesión,  
odisea amarga que me tortura,  
ao ver o ocaso e mailo solpor  
na ominosa mirada túa.

Foi a miña obstinada existencia  
culpable de quedar engaiolada,  
seducida pola falso feitizo  
da túa ominosa mirada.

E obstinada no silencio  
decidín ocluír as palabras:  
"Xa non preciso do teu osíxeno"  
"Xa non preciso da túa mirada".

Roza o teu alento, tenue caricia,  
contra os meus beizos sempre silenciosos  
que ao sentir os teus, danzando armonio-  
sos,

berran con beixos cheos de ledicia.

Achéganse máis, fartos de avaricia,  
e logo de bicar os teus ansiosos,  
Despídense de vagar, cadenciosos,  
febles e cansos, donos da asfixia.

## PRELUDIO

Escoiten todos o Requiem  
desta nova primavera  
onde as nubes verdes choran  
pola ida das primeiras.

Escoiten o laio do mar,  
escoiten o laio das ondas  
que cansas de engordar en  
terra  
vomítanse unhas ás outras.

Escoiten ás persoas berrar  
entre ataques epilépticos,  
entre sangue, balas fume...  
Entre o ruído dos coitelos.

Escoiten o preliminar  
deste novo manifesto.  
Escoiten a guerra pola "paz"  
Escoiten a guerra polo vento.

Escoiten todos o Requiem  
mentres len o epitafio  
desta nova primavera.

Mentras len o epitafio



+ POEMAS

Sergio Castromán

Lara Piñeiro (debuxo)

Pasan os días os días...  
mais só conto os quilómetros.

Canto levo eu xa andado  
buscando o amencer?  
E non me importaría  
arriscalo todo agora  
nesta fría e eterna noite  
tentando atopar de novo o sol...


Viaxei entre as tebras  
non sei por cuntos días  
recollendo ao meu paso  
os desfeitos restos da miña vida.

Isto é unha noite interminable  
ou un amencer que nunca chega?  
Unhas zapatillas gastadas,  
unha lanterna apagada.

Bebendo a tristeza deste mundo  
no que nada me libra do xérido frío  
de estar nesta escuridade  
na que só a soildade responde.

Unha contaminación que me queima por  
dentro  
unha presión que me abafa...

Abro os ollos, volvo respirar  
Isto é unha noite interminable  
ou un amencer que non chega...  
Nunca, Nunca, Nunca



TEXTOS FINALISTAS DO III CONCURSO DE MICROTEXTOS **TERRAS DO UMIA**

**MICROPOEMAS.**

**CATEGORÍA C (ESO)**

**Pola falta dun sorriso.**

Polas miñas terras morriñentas  
pasa o vento dos teus sentimentos,  
e cando me sinto soa e este pasa  
recordo todos esos bos momentos.

Marisol Diz, 4º ESO

**Sentía**

Sentía o vento zoar sobre a miña pel  
Sentía os cabelos da herba cantando na  
miña orella  
Sentía os teus ollos observando  
como te esquecía

Nerea González Barral, 2º ESO

**O vento**


O noso amor é como o vento,  
é longo pero moi lento.

Alex Casal Sabaris, 1º ESO



Iustina (debuxo)

**CATEGORÍA D (BACH)**



**É**

Vento é, primeiro escravo da terra  
Vento é, hoxe, o más libre dela

Adrián Romero, 2º bach

**Forte e invisible**

Move as follas dos meus recordos,  
Tírame e faime voar.  
Pensei que era un vento imparable  
Pero non, é o amor.

Margarita Rey Fernández, 2º bach

**Por que ti?**

A lúa mostroume o teu rostro,  
As augas murmuráronme o teu nome,  
O vento tróxume o teu olor.  
Por que ti? Se es o único ao que non  
debía mirar.

Andrea Francisco, 1º bach

CATEGORÍA C (PROFESORADO E PAÍS)

MICRORRELATOS

CATEGORÍA C (ESO)

**Aires...**

Fero curisco xeado  
Vento dourado de outono  
Brisa florida de maio:  
Canles flotantes de soños



**Verán**

Viu Esperanza No Teu Ollar:  
Vento Estéril. Nel Trafás Outono...  
E ela ventaba verán.

Cristina Janza (debuxo)


*Wake up for my beauty*



**Soños**

Como o vento zoando pola carballeira  
pelican os mecos da corveira

Gema



Antía Piñeiro (debuxo)

**Ti, eu mais ela**

Sábado noite. Frío, vento, ti, eu, mais ela. Unha noite mala para destapar verdades. Ti con traxe negro, eu coa maquillaxe estragada. Rídesvos.

Todo comezou na inauguración dun local novo. Logo de bailar, foi buscar unhas copas, pero como tardaba moito funo buscar.

E atopeino... O rímel tintoume o rostro. Mirámonos os tres.

Pasado un mes xa non había feridas pero si cicatrices. Un día, indo para o piso, encontreime con ela nun paso de peóns. Para desgraza miña, viñéronme á cabeza todos os recordos daquel día; para desgraza dela, eu ía dentro do coche.

Estefanía Treviño (4º ESO)

### Noite de Tormenta

Quería bailar co demo, mais non podía. Os seus pés non lle deixaban, eran demasiado torpes. Se tivese ás, como os anxos, non precisaría dos pés para bailar. Un anxo bailando co demo!! O ceo e o inferno escacharían de risa coa escena... Chegou a súa quenda e seguía a poder bailar soamente cos torpes dos seus pés. O demo e ela bailaron baixo a luz da lúa e a el gustoulle tanto que bailaron por eternidades. Baíllaron como baila a chuvia co vento nas noites de tormenta.

Antía González (4º ESO)

### Sentidos

E despois de tanto tempo, volvveu oír o son do vento, tocou a risa dos nenos, degustou o piar dos paxariños... Pena que agora só poida ver polas mans.

Mónica Mella (2º ESO)

### CATEGORÍA D (BACH)

#### Pensamentos dun peregrino

Camiño pola longa rota da vida e sinto eses ventos que acarriñan o meu corazón, en sinal de esperanza de que algúñ dia a vida deste esgotado peregrino e dos que coma el deixan a súa suor e bágoas para chegar ao destino que hoxe en día está cada vez más lonxe e fainos sentir Febres ante os ventos de pesimismo e abandono. Mais non hai máis dono do noso corpo ca nós mesmos. Debemos seguir. O tempo premia aos que o usan con sabedoría e castiga aos que abusan del. Debemos seguir adiante para ventos de cambio por fin conseguir.

Walter Rodríguez (1º Bach)

### Cinzas

...E levou o que era o meu amor, o vento levou as súas cinzas ao mesmo tempo que levou as miñas bágoas ... e a miña vida.

Carolina Nieto (1º bach)



Estefanía Treviño (debuxo)

### Distancia


Palabra definida como o espazo que existe entre dous puntos. Ningún sabe realmente que significa esa palabra ata que non a ten na súa boca. Gustaríache saír da casa, marcar nove díxitos no móvil e decir: "Vémonos en cinco minutos no teu portal?" pero non podes por culpa da distancia. Aínda que che queda a esperanza de que algúñ dia estarás con el mentres o vento quente asubía.

Por iso, cando a xente pregunta que é a distancia e contestan "espazo entre dous puntos" sempre sorrió. Se realmente soubesen o que é a distancia nunca contestarían iso.

Antía Piñeiro Devesa (1º bach)

## CATEGORÍA D (PROFESORADO)

Cristina Mella (debuxo)



### Saudade

Non foi o vento do nordés, nin o da travesía o que a esnaquizou, foi o doce embate da morna brétema, agarimo tras agarimo, a que a derrotou.

Gema

### Trepando soños

O futuro tolleito, rachado polo vento, cosido a balazos de inxustiza, borrado do mapa.

Quen pode atallar a besta humana esfameada de cobiza, borracha de poder, enzoufada de mentiras, bufando democracia?... Non hai ninguén en ningures?? Todos anestesiados ou durmidos! Non vexo puños, nin mans unidas, nin berros na rúa? Só escravitude de cordeiros, de sol a sol. Só cobiza cega.

Pechados na súa torre de marfil, a algúns non lles chegarán os días da vida para devorar a morea de soños que roubaron!

Chema

### *Eu soaba, zoaba coma o vento da montaña, entre lusco e fusco auga e luz falaban de min o ARCO da VELLA*

Nu: Ti nazi-ches con verme-llo na lingua?

Do: Si, re-cor-do os bechos, sempre.

Nu: que fixeches para afastalos?

Do: Collín as cores. Cada fala é un timbre, cada timbre unha cor, tod@s soamos diferente. Collín o azul-blue do sen-timento, co ritmo do choro brasileiro, lamentoqueixido. O branco das sementes vertidas dende o instinto, restos de corpos, folerpas de queixo-terra. Corpo e alma interpretaron a dúo novos sons sobre os vermes. E tí?

Nu: Eu soaba, zoaba coma o vento da montaña, entre lusco e fusco auga e luz falaban de min o ARCO da VELLA

Entón biqueille o novo día na súa fronte suave, e murmurei -i...

Pedro

**DON DE LINGUAS**

Katia Ferrín, 4º ESO

Cristina Janza (debuxo)

**Galego:**

Esas palabras,  
Ditas aquela noite  
Levounas o vento, pero,  
Seguen no meupensamento.

**Castelán:**

Esas palabras,  
dichas aquella noche,  
se las llevó el viento, pero  
siguen en mi pensamiento.

**Italiano:**

Quelle parole,  
Dette quella notte,  
Il vento le ha portatavia,  
Mar estano nella mia mente

**Francés:**

Ces paroles là,  
Dites cette nuit là,  
Le vente les a emportées,  
Mais elles restent dans mes pensées.

**Euskera:**

Gauhorretanesandakohitzhoriek  
Haizeateramanzitue,  
baina,  
nirepentsamenduansegitzendute.

**Alemán:**

DiesenWörter,  
GesagtdieseNacht,  
Sie war von der Wind genommen  
Abersie sin dimmernochimmeinGewissen


**Portugués:**

Essas palavras,  
Ditas naquela noite,  
O vento as levou, mas  
Elas ficam nos meus pensamentos

# ENRED... ANDO

## FRASES CÉLEBRES-GRACIOSAS DOS NOSOS PROFESORES/AS

Juan Froján (debuxo)



### Dolores Maceiras:

Tenéis que estudiar, porque a lo mejor un día podéis estar tomando un café con los amigos y poneros a hablar de Napoleón Bonaparte, por ejemplo.

A ver "Troitiño", dime la Unificación Alemana. (O apellido era "Treviño").

Callados! Callados! Venga, ir repasando que os voy a preguntar.

### Gema Barreiro:

Shhhh....

Shhh!...Callaros!...Shhh!...Callaros!

### Arturo (Relixión):

Ah Iván!! Pero xa che dixeron que tiña que ir ó psicólogo? Jejeje

Que way oye! Que bien meus meniños!

### Luís Fajundes:

É "cuncupiscible", e non cucupiscible, capapiscible nin cucurrucucupaloma!!

Por favor, o xustificante!

Fran, deixa de falar ca mesa que xa está a pobre patas arriba de tanto escóitarte! (a mesa estaba patas abaixo)

### Chema (plástica):

Alumno: "Profe, tes un rotulador negro?"

Chema: "Como o queres, negro claro ou negro escuro"

(Debuxando tanxentes)

Tócanse aquí, tócanse aquí e aquí vólvense a tocar.

Non sei se "sementende".

(Un alumno pregúntalle: Chema, como se resolve un exercicio)

Trazas, todo se resolve con trazar.

### José Escudero (Xefe de estudos):

Vós sabedes o que teño colgado detrás da porta do meu despacho? "Yo no soy tonto"

Piensa lo que dices antes de decir lo que piensas.

¿Por qué? ¿Por qué? ¿Por qué?...

### Ánxoles (matemáticas):

Un alumno esbirra.

Ánxoles: "Santiño!!"

Para resolver este exercicio esta é a mellor "erección".

### Fernando (matemáticas):

Noooooon!!!

Chegou por hoxe!!

**José Luís (plástica-bioloxía):**

O malo que ten a reproducción asexual e que non se disfruta tanto coma na outra.

**Teresa Carballo (Inglés):**

Do you understand what I'm saying?

**Esther Budiño:**

Me reí, pero con tristeza

No duermo, y despierto y digo, no avanzamos...

Porque ahora vamos bien, sino estaría hundida.

Uy!! Qué feliz vengo hoy, me encanta esto de la relatividad... Pero bueno, y a vosotros que os importa!!

Ay chicos! Es que a veces me doy cuenta de lo mucho que grito. Pues...¡El adjetivo!! [...]

Abel, ¿te traigo un paquete de plastilina?

Abel, ¡iabstráete!!

**Margarita (Bioloxía):**

Día despois do 5-0 do Barça-Madrid:

Veña! Ide á páxina 100 e facede o exercicio 5, e quero que poñades polo menos 5 exemplos.

Alumna: "Profe, que é un espasmo?

Margarita: "Un espasmo é o que che vai dar cando che dea un sopapo! Veña, pon-te a traballar!!

**Ana Rial:**

Un boli sen alumno non é nada!

Non che entendo...

**Rosa Mª (Francés):**

Dijéramelo

Sa nubló porque estudiéis

Emperativo

**Miguelez:**

Ceteris paribus!

Mi amiga Cayetana y mi amigo Charles "The Ears"

Valga la redundancia

Corramos un estúpido velo!

**Suso (Bioloxía):**

A ver, vamos ventilar un pouquiño a clase!

Por que me atacades a min?! Un humilde funcionario!!

**María Sánchez (Física e Química):**

[...] E por unha piruleta...??

Alumno pouco aplicado:

iLe pego a la coca!

María:

Yo no.

**Alberto Abadín:**

Diacordo

**Cristina (Matemática):**

Nas ten, nas hai.

**Pilar Liñares (Inglés):**

Thaaaaaat's aaall!!!

**Fernando (Matemáticas):**

Java, a tu sitio!!

**Xosé Candal:**

Veña, rápido!...de Bouzas!

**Inés (Informática-Tecnoloxía):**

O respectiño é moi bonito.

**Lois:**



Non son capás de ler isto. Xa me disían os curas: "Vaste quedar cegho".

O logotipo de Caixanova forma un triánguliño. (Pasan trinta segundos) Díxenvos o do logotipo de Caixanova?

Se os de aí atrás non vedes, deixade o sexo.

# QUEN É QUEN?

Hai cinco pequenos e catro maiores, quen non medrou?



# QUEN FALTA?

Xurxo Aboy

4º ESO 2010 ~ 2011



LAURA



XURXO



LIS



IVÁN



EVA



LORENA



SHEILA




MARISOL



YÉORAY



KATIA



ANA



ISAAC



AGÜELA



CRISTINA, M., ANTÍA



ANTÍA



CLAUDIA



ANXO




ROCÍO



NOELIA



FRAN



DAVID. R.



CRISTINA. S.



DAVID. S.



FANY




JAIME



DON  
LUIS FASUNDES

## REFLEXION... ANDO



### SABEŠ QUEN SON?

Margarita Rey, 2º Bach.

**T**eño medo. Teño moito medo, sabes por que? Para que o entendas contareiche a historia dende o principio.

Ao pouco de nacer, hai xa moierto tempo, chamei por miña nai "Mamá!, mamá!" pero nada... ninguén contestaba. Volví berrar, esta vez máis forte. Alguén falou. Eran miñas irmás, ou iso sospeitei naquel intre (despois confirmei) xa que, coma todas as irmás, non eramos idénticas pero no fondo todas nos pareciamos. Pregunteilles pola nosa nai e, tristes e á súa maneira, dixérionme que morrera cando nós chegamos a este mundo. Eu non entendía nada, iso era imposible! Chorei. Chorei con impotencia e culpabilidade. E agora teño fama de chorona! Pero, como sucedera semellante desgraza?

Cando acouguei, explicaronme que morrera porque todos a esqueceran... Daquela non entendera nada, pero agora... teño medo e o temor asolágame! Sinto que comeza o meu fin... que me esquecen como antano esqueceron a miña nai. E non quero. Non quero morrer tan pronto nin converterme nun recordo afastado! Aínda non.

Sei que moitos me levan no seu corazón,

aínda que tamén hai quen renega de min -e isto tampouco o comprendo-. Sinto que aínda teño moitas cousas fermosas que dicir, tantas verdes paisaxes que describir, historias que contar para que gardedes nos vosos máis doces recordos, tantos coñecementos que transmitir, tantos "quérote" que murmurar e tantos "eu tamén te quero" que responder...

Xa sabes agora quen son?, comprendes por que teño tanto medo?

### LONGA LINGUA

Xurxo Aboy, 4º ESO

Unha nota no vento

Un amor desesperado

A túa lingua, a miña lingua

Sen movemento acomplexado

Cóidaa para que non fuxa,

Fálala sempre namorado.

Rompe agora o prexuízo.

Rompe agora o cadeado!

## TOMANDO NOTA

Daniela Buceta, 1º Bach

**P**ropuxéronos na clase de lingua que fósemos anotando anécdotas que nos pasasen que tivesen que ver coa lingua. Pois ben, hoxe 27 de abril comezo con este traballíño, a ver que sae de aquí.


Hoxe pola tarde iamos miña irmá mais eu cun amigo, Berto, cara á súa casa a Padrón. Primeiro tivemos que ir a Santiago a buscar a miña irmá e cando viñamos de volta parounos a policía. Sinceramente, eu xa estaba asustada porque non sabía que nos ía dicir. Cando o policía se achega á porta do noso coche e comeza a falar... A miña sorpresa nese momento foi ver que nos estaba falando en galego, por que me sorprende?? Pois porque nunca escoitara a ningún policía falar galego e a verdade é que me sorprende gratamente.

Hoxe é 28. Pola mañá cando fun ao dentista houbo unha cousa que me chamou a atención. Acompañoume meu pai e cando chegamos saudounos e todo ben. Pero nun momento deime de conta de que o dentista a meu pai faláballe en galego mentres que a min me falaba en castelán continuamente. Estiven toda a tarde preguntándome por que faría iso e aínda non conseguín descubrilo.

Hoxe 29 non me aconteceu nada interesante así que vou contar unha "anécdota" do verán pasado. Durante todo o verán estivo un amigo meu de Madrid aquí. Cando chegou nós tiñamos que falarlle en castelán pero enseguida el empezou a mostrar interese por entender o galego. Comezou dicindo algunha palabra solta e preguntábanos se a dícia ben ou non. Despois de que pasaron os tres meses do verán e de estar case todos os días xuntos, cando volveu para Madrid xa foi falando algo de galego e entendendo todo case perfectamente. De feito, agora cando nos comunicamos por internet ou por teléfono falamos en galego.

Hoxe vou contar o que nos pasou a min e a meu pai. Fomos a Vilagarcía a mercaralle un regalo a miña nai para darillo mañá xa que é o día da nai. Chegamos a unha tenda e vimos un bolso que nos gustou pero non tiña o prezo posto, logo collíño e achegueime á dependente e pregunteielle "canto custa este bolso?". Ela xirouse, miroume con mala cara e foi atender a outra señora. Naquel momento quedei flipando . Deixei o bolso no sitio e díxelle a meu pai que xa lle mercariamos outra cousa, non sei por que a dependente fixo iso pero o que teño claro é que non volvo entrar nesa tenda.

Hoxe domingo fomos todos á casa dos pais de Berto. Eles son todos de Madrid e levan aquí uns dous anos. Nós, meus pais





Antía Piñeiro (debuxo)

e miña irmá, falamos en galego sempre e eles enténdennos á perfección pero non acostuman a falalo xa que entre eles falan sempre en castelán e entón o que fai a nai de Berto cando fala con nós é mesturar os dous idiomas e dicir expresións bastante graciosas como "Le pusimos un fecho a la puerta" ou "cuidado con esa tartera que está caente".

Agora mesmo está aquí na miña casa o meu curmán pequeno Hugo. Estaba falaendo con el meu tío e faloulle en galego e meu primo, que está acostumado a que lle falen castelán, díxolle: "¿Que pasa, no sabes hablar bien?" Quedei parva, pregúntome se iso llo dirán no coleixio ou onde o oíría porque non é algo moi normal.

E hoxe, a última historia. Este verán pasado veu o mellor amigo de miña prima de Suíza de vacacións e estivo con nós dúas semanas, case estabamos con el todos os días, íamos á praia, a tomar algo, de festa... pasámolo xenial, o único problema que había era que el non sabía nin castelán nin galego e ás veces facíansenos algo complicado comunicarnos xa que tiñamos que falar en inglés e non sempre nos entendiamos ben. Encantaríame poder falar con el en galego, eu xa llo dixen unhas cantas veces e díxome que ía aprender o noso idioma.

E ata aquí as miñas anotacións. Espero que serviran para facervos pensar...

## UMM, QUE GUSTO EN GALEGO!

Martín Agrelo Janza, 1º Bach

**E**ste é o nome dunha das actividades que realizou o EDLG do Instituto este ano. Non pensedes mal, a actividade só consistía en promover a nosa lingua na hostalaría local. Nesta iniciativa participamos os centros que forman parte da Coordinadora Terras do Umia, é dicir que se levou a cabو non só en Caldas senón tamén en Portas, Barro e Moraña.

O que realizamos foi unha serie de encuestas para coñecer os hábitos lingüísticos dos bares, restaurantes ou pubs; por exemplo en que idioma eran atendidos os clientes xeralmente, ou como tiñan rotulados os seus negocios.

Pero a parte máis interesante consistía na tradución que ofertabamos, totalmente gratuita, de cartas, listas de prezos ou calquera cartel que tiveran polo local; por suposto traducións á nosa lingua, pero tamén a inglés ou francés. Ademais, polo feito de colaborar connosco recibirían un diploma na celebración da Festa da Lingua, que se organizou o pasado 4 de maio diante de numeroso público.

Hai que dicir que a acollida desta actividade foi desigual nos establecementos caldense, dos trece locais que visitamos en ningún mostraron interese pola lingua, así pois, por unha razón ou por outra o noso centro non tivo a honra de entregar ningún diploma, aínda que si o fixeron o CPI Alfonso VII e o nosos compañeiros de Moraña e Barro.

Para finalizar conviría facer unha reflexión da situación especial de Caldas, porque a verdade é que foron abundantes as

negativas a colaborar, más que na periferia, e isto só se pode deber a que existe unha importante sensación de inferioridade da nosa lingua respecto ao castelán. Constatamos que está praticamente desaparecida de ámbitos como o comercio e, se cadra, conviría que fóssemos os clientes os que conseguísemos reverter a situación porque o cliente é o que paga e, polo tanto, o que ten (ou hai que darlla) a razón: se todos fixésemos un esforzo por usar o galego nas tendas e nos bares igual conseguiríamos que as cartas, a cartelaría e a atención fose, tamén, en galego.



## REPETIR CURSO SÓ CON ALGUNHAS MATERIAS

Abrahán Sande, 1º Bach

**B**oas compañeiros! Aquí estou para contarvos a miña experiencia académica deste último ano, que espero teñades en conta para quitardes unha conclusión:

Comezo... O ano pasado estudei en 1ºC. Hai xente que xa sabe o que iso conleva, pero para a que non, pódovos resumir esa clase como a peor clase (a nivel académico, por suposto) dun lonxevo período de tempo no instituto. Algunha xente dese 1ºC deixou o bacharelato, unha pequena porcentaxe pasou a segundo e outra parte, bastante importante, repitimos curso. Pois ben, deste último grupo, no que me inclúo, algúns suspendemos menos de 5 materias e, polo tanto, nas materias superadas o ano anterior consérvanche a nota áinda que a asistencia a clase segue a ser obligatoria.


Isto de repetir e que che conserven as notas soa ben, non si? Pero moito ollo, que todo ten o seu aquel! Con só tres materias (no meu caso, insisto, falo de mí mesmo) corres o risco de descolgarte.... como? Pois con unha cadea de

Cristina Janza (debuxo)

"infortunios", por chamalo dalgunha maneira. Por que? Porque ata que en setembro te ves coas notas na man, e ves que tes que repetir, non sabes o que é. Poste a pensar que por non quitares unha materia más vas perder un ano da túa vida repitindo. Ves que algúns dos teus compañeiros pasan a 2º, que agora fan un exame e con sorte (ou con traballo, xeralmente resulta máis útil) en setembro van por aí á universidade, cousa ansiada por todos, penso eu. Mientras tanto, ti repites 1º de volta... e non mola nada! Empezas o curso desanimado e isto desemboca en fanar ás clases que xa tes aprobadas, e iso, á súa vez, conleva fanar ás veces algunha das que aínda tes suspensas. Loxicamente, e como todos sabemos, os profesores cando fas isto quitan as súas conclusións, non? Pois ben, non serás capaz de remontar o curso.... Porque pensa neste detalle: que costumes tes? Pilleite! Non ir a clase, non traballar... E como vas recuperar todo iso? Supón un esforzo considerábel que intentarás pospoñer o máximo tempo posíbel, concretamente ata o día antes do

exame. E se xa non es capaz de estudar 5 minutos seguidos... como vas estudar un exame? Non hoo, non dás! Ah.... e na casa que? Non sei no voso caso que pasaría, pero no meu non gustou e, evidentemente, unha nai e un pai que queren o mellor para un fillo non penso que quieran prolongar esa situación.... non si? E entón castigante...

E que é o primeiro que che quitan? Que non che deixan saír da casa! E con dezaseis ou dezaoito anos gusta saír, non? E a partir de aquí, dis ti... estudo e xa está! Pero non dás... De seguido tomarás a postura á defensiva de "ai, van ver: non saio, non estudio".... O carallo vintenove! O que vai ver vas ser toi! Porque un sábado pasa, dous.... pode, pero tres non, por aí non paso. Chegados aquí intentarás! Veraste obrigado a estudar, xa que é a túa única opción... Pero hai un problema, lembras?: Nos tes hábito, non es capaz de remontar todo iso!



Juan Froján (debuxo)

Que conclusión quitas? En pensando... creo que paga a pena baixar os cóbados un pouquiño e evitar esta opción, non é boa. Caso de presentársele esta situación, agora xa sabes o que pode pasar, polo tanto, se che toca non sigas este camiño!



# VIAX... ANDO

## DIARIO DO INTERCAMBIO ESCOLAR LYCÉE VIAL - IES AQUIS CELENIS.

Claudia Iglesias, 4º ESO



<http://intercambiosaquis.blogspot.com/>

Xoves 7

**6:00 am, aeroporto de Lavacolla, Santiago.**

Ao mando Claudia.

Aquí comeza a nosa viaxe. Sete días nos que conviviremos cunha familia, costumes e país distintos, que nos farán abrirnos como persoas e unírnos máis, tanto cos franceses coma cos galegos que imos a esta viaxe.

**12:30 pm, aeroporto de Nantes.**

A pesar dun pequeno retraso e unhas cantas turbulencias chegamos sans e salvos a Nantes J. Agora, coa axuda de Thierry, o profe de historia do Lycée Vial, chegaremos ata o instituto.

**Algunha hora despois...**

Estamos comendo na cantina do Lycée Vial. Todos nos queixamos da comida, pero seremos nós os que temos un padal

exquisito, porque os franceses papan coma nada xD.

O instituto ten certa semellanza co de Harry Potter, xa que é do século XIX e ten a mesma estrutura.

É a hora de coñecer os nosos corresponsantes. Esperamos que nos levemos ben.

**Venres 8**

Clase de 8 a 10 e diversas opiniós ao respecto. A algúns gustáronlle, a outros non, é o normal, son clases.

Tócanos andar un pouco para chegar ao castelo de Ana de Bretaña. Así de paso ímonos familiarizando co centro de Nantes.

**2:00 pm. Xardíns do foso do Castelo.**

O castelo é moi bonito, o mesmo que os seus arredores. Pola tarde tócanos un longo percorrido polo centro histórico da cidade acompañados por un guía, e des-

pois, o reencontro cos nosos corres para planear a fin de semana.

### Sábado 9

Onte á noite, a miña corres eu e mais fomos á casa do corres de Isma, Hugo. Laura, Isma, os nosos correspondants e eu fixemos unha pequena festa e ao final quedamos a dormir alí.

Hoxe pola mañá, Laura e a súa corres (Clémentine) e a miña corres (Léa) e mais eu regresamos ás nosas casas para prepararnos e ir á praia. Despois, reunímonos na estación para coller un bus que nos levara á praia. E xusto aí comezou a nosa aventura, e xa leredes por que o escribo. Cando chegamos á estación había 300 persoas para entrar nun bus de 50 prazas ( os franceses é ver un raio de sol e ter que ir á praia ) e toda a xente se amoreou na porta do bus, veu a policía etc. xD Ao final tivemos que ir á estación de tren para coller un que nos levase á praia. Pero xusto cando chegamos alí o tren saía da estación e tivemos que correr e metermos nel de incógnitos, sen pagar. Entón pillounos o revisor e despois de negociar con el, conseguimos marchar sen pagar e baixar na seguinte parada. Dese xeito, volvemos á estación e informáronnos de que non había máis trens, polo tanto, agora atopámonos nun parque comendo, nós ( Isma, Laura, Carlos e eu), e eles, os nanteses, correspondants e amigos, que en total somos catorce.

### 2:00 pm. O parque de enfrente da estación.

E agora dinnos que se imos á praia! Estes franceses por un pouco de sol o que sexa! Pois veña, á praia todos ! Esta vez polo menos mercamos os billetes jajaja

### 9:00pm. Chez Léa


Xa volvemos da praia! A auga, fría como a da Lanzada más ou menos jaja. Agora ímonos preparar para saír un pouco de noite.

### Domingo 10

Hoxe pola mañá ... DURMIR !! entre



Recepción na aula de xeo do lycée Vial



Visita guiada de Guérande



Les Salines de Guérande

tanta viaxe de onte estabamos cansadísim@s ...

Pola tarde ás atraccións, os de sempre: Carlos, Laura, eu e os correspondants (Isma non veu porque tiña comida cos avós ) e a verdade é que non nos coñeciamos antes deste intercambio pero agora levámonos moi ben, e todo grazas a esta viaxe J .

O resto non sei como o pasarían pero penso que farían cousas polo estilo das nosas.

### Luns 11

Hoxe, día de cambios: do sol pasamos ao orballo e a xente que estaba descontenta



Na queixería Beillevaire, en Machécoul



Les Machines de L'Île



coa viaxe empeza a abrirse cos corres despois dunha longa/curta fin de semana. Empezamos a collerles cariño :\$

Segundo día que nos reunimos os aquisceleñenses e esta vez para ir de excursión xunto cos franceses.

Pola mañá, Gerande, un pobo medieval, e as salinas da mesma, coas súas respectivas explicacións. Barbaridades sobre torturas do medievo, no pobo, e sobre as toneladas de sal que se recollen, nas salinas.

Á aprés midi a visita dun trasatlántico.

#### *Martes 12*

#### **Na queixería, antes da explicación da misma.**

Penúltimo día. Pouca xente quere deixar os seus correspondants.

Atopámonos nunha especie de sala de actos na que nos van dar unha pequena charla. Despois pasaremos a ver a queixería por dentro.

#### **Comida no Lycée, 1:00 pm**

Segundo día de cantine. Hoxe fixemos trampa: fomos ó Monoprix a mercar algo, non vaía ser que non nos guste hoxe tampouco a comida.

#### **Penúltima tarde, parque á beira do río Loira e diante do museo das máquinas da illa.**

Dentro dun pouco visitaremos as máquinas da illa. Son uns aparellos sorprendentes que elabora un grupo de Nantes. Uns anos atrás fixeron un elefante xigante, que se atopa agora mesmo na entrada e que anda, bota auga pola trompa, abre e pecha as pálpebras... Tamén visitaremos os seus próximos proxectos, os cales poderemos probar.

#### **Terraza dun bar do centro de Nantes, á tardiña.**

O grupo de sempre J , pero esta vez tamén Águeda e aúa corres. Risos. Todos estamos contentos en Nantes. Case ningún quere marchar tan cedo L .

## OPINIÓNS SOBRE O INTERCAMBIO

(no avión de volta a Galiza)



**Velaí van diversas opinións sobre diferentes integrantes desta viaxe.**

**S**on Laura Padín e como participei neste intercambio con Nantes, creo que teño o honor de dicir que isto é unha experiencia única, preciosa e inesquecible. E a parte de ser moi beneficioso para nós porque aprendemos a lingua francesa, tamén nos fai coñecer moito mellor ós nosos compañeiros do instituto cos que apenas mantíñamos relación antes.

A verdade é que os dous primeiros días non foron moi divertidos, xa que non tiñamos confianza cos nosos correspondents e non nos sentiamos cómodos. Pero... ao longo do tempo iámolo pasando cada vez mellor.

Eu teño que dicir que a miña francesa chamada Clémentine foi moi simpática, amable e portouse estupendamente. Ten unha forma de ser moi parecida á miña e iso fixo que chegáramos a manter unha gran relación. A verdade é que hoxe, hai un par de horas que nos despedimos e... deume moita pena. Sempre estivo pendente de min e incluso organizou unha festa para que coñecese os seus amigos Julliete, Léa, Marion, Eva, Jeane, Aude, Joffrey e Hugo, e así poder estar tamén cos meus amigos.

Ben, non me lío máis que @s demais tamén queren escribir.

Laura Padín


**S**on Martina e tiven a gran sorte de poder participar neste marabilloso intercambio con Nantes. As persoas que coñecemos foron todas xeniais, profesores incluídos. Isto serviuños para medrar como persoas e coñecer este idioma mellor.

Coa miña correspondant, Tamta, tiven a sorte de levarme moi ben con ela e que es comidas da súa nai fosen moi boas xD. Ao principio estaba desexando volver á casa, pero coa chegada da fin de semana a cousa cambiou e ó final non quería marchar de alí. Puidemos visitar Nantes, a cal é unha cidade moi interesante historicamente.

En canto a malas experiencias, non tiven moitas e a peor foi ter que ir a clase.

Despídome, bicos e abrazos de :

Martina




**O**la, Nantes acolleunos moi ben, é unha cidade moi grande e moi bonita. Sinceramente prefería quedarme un pouco máis porque o pasei moi ben e a familia tratoume tamén moi ben; sempre saímos e descubríun un pouco máis de Nantes e a súa gastronomía.

A miña visita preferida foi á simulación dun transatlántico e "Les maquines de l'Île".

Encantoume, non tería dúbida ningunha en repetir.

Nerea



**B**en, pois Nantes é unha cidade como o casco antigo de Santiago e a zona nova de Pontevedra, pero moito más grande. Polo medio da cidade pasan tranvías e buses, pero a maioría vai en bicicleta.

A miña familia tratoume xenial, e probei moitas cousas novas de comer. Algo que me chamou a atención é que se descalzan antes de entrar na casa.


O instituto é enorme e as clases moi modernas. Os alumnos en clase están durmindo, co móvil, falando ou fumando XD Porque alí todos fuman.

En fin, que o pasei moi ben ^^.

Rosalía

Pois nós tamén o pasamos moi ben e gustaríanos repetir a experiencia.

Lucía e Ana



## AQUIS-TÁ GRECIA / DIARIO DA VIAXE

Cristina García Mella, 4º ESO



Tanto queixarse do avión... pero se chegaron voando!

Xoves, 7 de abril de 2011

15.50 (hora galega): Despois de tres horas de avión esperando chegar ao aeroporto de Atenas, parece que por fin o avión se achega a Grecia. Xa almorzamos e comemos no avión. Despois de recuperar as horas de sono, áinda que poucos foron capaces de durmir, reunímonos cada un co noso grupo de amigos/as para comentar como esperamos que sexa a viaxe. Algúns tamén sacan fotos mentres outros xogan ás cartas ou escotan música e, os afortunados das xanelas, contemplan a paisaxe das illas gregas.

NOITE: Xa estamos no hotel, antes vimos o centro de Atenas e ceamos facendo uso do noso inglés!! XD

Venres, 8 de abril de 2011

Pola mañá visitamos a Acrópole e demos un paseo por Atenas -case nos cocemos-, quentaba moiísimo o Sol. Sen dúbida, a Acrópole impresiona moito cando estás en persoas, non ten nada que

ver coas fotos que nos ensinan no cole-xio... é ABRAIANTE!!

Pola tarde demos un paseo e fomos comer por aí... como di Antía "facendo uso do noso inglés". Hoxe tocou comer de McDonalds, e despois visitamos a Ágora. Ao rematar fomos á praza Sintagma, moi coñecida aquí en Atenas, e puidemos visitar o famoso Hard Rock.

Sábado, 9 abril de 2011

O sábado pola mañá, de camiño ao teatro de Epidauro, fixemos "unha parada técnica" e sacámossle fotos ao tan coñecido Canal de Corinto. Un pouco máis tarde chegamos ao teatro. Para comprobar a boa acústica, todos sentamos nas bancadas e escotamos o ruído que facían os demais na parte inferior do teatro.

Despois dirixímonos á antiga cidade de Micenas, onde ía moita calor, pois era pola mañá e daba moito o sol. Ao visitar a tumba de Agamenón paramos a comer nun restaurante con ese mesmo nome. Unha vez coa barriga chea dirixímonos a Olimpia, e despois de aloxármonos no novo hotel demos un paseo pola vila, hai que destacar que era moi bonito.

Domingo, 10 de abril de 2011

Neste día visitamos a zona arqueolóxica de Olimpia, unha zona ben fermosa e con moitas ruínas de antigos templos, ximnasio... e, como non, o estadio onde houbo os primeiros xogos olímpicos da historia. Despois pasamos por unha ponte colgante enorme para chegar ata Delfos. Evidentemente, volvemos cambiar de hotel, este era totalmente diferente aos que levabamos ocupado anteriormente.

Ao rematarmos a cea, profesorado e alumnado fomos dar unha volta pola vila, e estivemos nun "pub"; pasámolo xenial! Ademais tamén estivemos acompañados dun grupo de estudiantes italianos que estaban aloxados no hotel que se atopaba ao lado do noso.

Luns, 11 de abril de 2011

Comezando de novo a semana...Visitamos Delfos, unha zona arqueolóxica que se encontra na ladeira da montaña e ten unhas vistas espectaculares. Arriba de todo había un estadio, pero más pequeno que o de Olimpia, e todos os que o quixemos ver tivemos que subir por aquel camiño que nos fixo suar tanto..., pero o final do traxecto pagou a pena!

Pola tarde dirixímonos a Kalambaka e instalámonos nun hotel que foi, sen dúbida, o mellor de todos; tanto na atención como nas instalacións. Tiña unha piscina impresionante, pero por mala sorte aínda estaba pechada (sen auga).

Martes, 12 de abril de 2011

Hoxe pola mañá visitamos dous dos seis mosteiros de Meteora, estes encóntranse no cumio dunhas grandes e altas pedras. Pola súa altitude dá a sensación, se as miramos dende Kalambaka, que van caer enriba das casas.

Pero despois da visita, e esta era a última, xa nos diriximos de regreso ao hotel Stanley do primeiro día, en Atenas. Como despedida, visitamos a zona marítima de Atenas e puidemos cear nuns restaurantes que estaban á beirña do mar, cunhas vistas moi bonitas. Encantoume a última



noite en Atenas!!

Agora atópome aquí no corredor do hotel sentada no chan e escribindo isto. Teño algo de sono, e mañá témonos que levantar ás 5:00am, pero como as miñas compañeiras de habitación non se van deitar aínda, terei que esperar un pouco máis :D. Mañá espéranos un duro e cansado regreso a Caldas! :\$

### **Asaltos ao diario:**

Ángel Iglesias, xa o primeiro día: “Eu teño un sono...”

Marisol: “Xa estamos chegando! No avión trátannos moi ben; a ensalada sabía fatal, pero é o que hai! :P Estámolo pasando xenial, pero estamos cansos, e cunhas gañas tremendas de dormir.”

CrisMella: “Estouno pasando xenial no avión, gustoume moito, ademais era a primeira vez que ía nel. Faime moita graza Marisol, porque cada vez que se achega á ventá pónenselle os pelos de punta!!!” XD

“Nuns minutíños aterraremos en Atenas!!...Que gañas!!!” J

## PARELLAS PARA A HISTORIA



Con saias e ao tolo, en Meteora




Celia, na súa salsa. De guía

Anónimo/a: "Dóeme o oído esquierdo!"


Cristina Sánchez: "Pois xa no último día, ás dúas da mañá, estamos aquí no corredor recordando e escribindo un pouco todo o sucedido. Durante a nosa estancia aquí, pasaron xunto nosa uns españois moi agradables, e eran concretamente de Madrid. Apartando este pequeno comentario, a viaxe foi unha experiencia moi bonita e os lugares que visitamos, preciosos! Un pequeno detalle desagradable foi a chegada a Atenas, a cidade non era o que esperabamos; era un pouco sucia, mellor dito, bastante, e os edificios...en fin! :\\$ Delfos sen dúbida foi o que máis me gustou!! :D

Anónimo/a : "Serra anda apampado total"

Cristina Mella "Grecia foi unha gran experiencia, paseino xenial, fixen amigos, convivín cos meus compañeiros, comparei o meu país con ese, observei como teñen unha sociedade diferente... E teño moi claro que para o ano que vén REPI-TO!! :D




A parella é Noelia e... Atenas



Tamén valen tríos

## "ANECDOTAS" GRECIA

Lúa, Antía, Pablo, Laura e Noelia. 1º Bach.



**A**o noso parecer, Grecia tampouco era tan diferente a España, aínda que son os pequenos detalles os que acaban por tolernos. Alí os xestos de "sí" e "non" que facemos coa cabeza son ao revés e... non, non nos acostumamos. Un día na cea, quixeron botarnos máis puré de patacas, dixemos non e... si, botáronnos máis!

Susana Iglesias 1ºB

Por unha cousa vou lembrar por riba de todo esta viaxe a Grecia: A comida, en especial un prato que quedei sen probar por culpa dun erro e que agora, despois de intentar pedila catro veces sigo deseñando coñecer o sabor dese manxar de berenxena de Nome Musaka

Juan Froján 1ºB

As habitacións do hotel eran triples: dúas camas malas e unha peor. O baño non era baño, era unha piscina.

Rocío Luna 4ºESO

Que dicir de Grecia? Pois que nesta viaxe aprendín que tendo a unha "friki" do in-

glés diante e sabendo dicir "The same for me" ou "Me too" nunca morrerás de fame. (Dedicado a Juan e a Susana)

PD: Alí os coches son amarelos e os bus rosas!! **Rosas!!!!**

Antía González 4ºESO

O primeiro día en Atenas (para todos creo eu) foi bastante desilusionante. As dúas primeiras noites no hotel Standly foron más ou menos como as outras, aínda que houbo unhas mellores que outras.

Noelia Negro 4º ESO

O terceiro día, despois dunha longa e calorosa visita a Micenas, paramos a comer nun restaurante. Comemos de menú e case todos na mesa pedimos a mesma cousa, menos Juan, que pedira Musaka. Despois de esperar e esperar a que nos trouxeran a comida chegou o camareiro cunha bandexa e falando en inglés. Nós entendémolo mal e dixémoslle que Juan pedira pita e Juan tivo que comela en vez de musaka. O pobre Juan estaba todo indignado porque xa lle pa-

sara algo parecido os outros días e dixo que non ía marchar de Grecia ata probar a musaka. Ao final marchou sen poder probala polo que agora Juan ten que voltar a Grecia só para poder comela.

#### Eva Cereijo 4º ESO

O segundo día en Ateas atopamos un gato e iamos quitarlle unha foto, pero como non miraba, Pana díolle: "Ghato, foto tuenti!" e o gato mirou. xD Luis Manuel Briones 4º

A última noite, Katia estaba contenta e á mañá seguinte seguía igual. Intentámola duchar, pero como non quería, duchámol-a vestida. Cando se recuperou do susto, gritou no avión: "Teño as bragas molla-das!"

#### Marisol Diz Pérez 4º ESO

O primeiro día que chegamos á Atenas estivemos nunha praza. Cando estábamos alí, a un grupo de amigas e a min pasounos una "anegdota" moi graciosa. Estabamos falando e chegou unha Müller que nos deu unha flor a cada unha. Nós non a iamos coller pero ela dicía "It's free!" e claro, nós collémolas. Pero cando rematou de entregárnolas dixo: "Two euros" e nós quedamos : "Que??!!" :O. A maioria das miñas amigas déronlle un euro ou 50 céntimos. Eu deille algo, pero devolvinlle a flor porque non ía pagar por algo que era "FREE".

#### Cristina Mella 4º ESO

No hotel Stanley atopámonos cuns de Madrid, por desgraza foi a última noite. O primeiro que nos dixeron foi: "De donde sois?" e nós contestámoslle que de Galicia. "Pues los gallegos sois muy majos" e entón comezamos a falar. Eles pedíannos que falásemos galego e nós falamos. Ao final eles tamén falaron un pouco de ga-lego, mais non sabían moita cousa. O que mellor lles quedou foi a frase: "Vaite ao carallo."

#### Cristina Sánchez 4º ESO

Era xa o segundo día en Grecia Pablo, Lúa, Noelia, Laura e eu, estábamos indecisos de onde ir ceiar. Non queriamos

gastar moito debido a que na comida TIMÁRANNOS dunha maneira... Pero iso é cousa a parte, o tema é que formos de bar en bar mirando os prezos ata que atopamos un asequible ao noso peto. Sentámonos e repasamos o menú, non fora ser, a pesar de non entender un pito do menú.... Tiñamos sede (normal) así que iamos mirar canto custaba a auga cando de repente a camareira tráenos 5 vasos cheos. Asustámonos (e moito) xa que a auga custaba 3 euros. Pensamos un pouco para preguntarle en inglés canto custaba antes de bebel-a e a camareira, moi amable, díxonos: "It's free." Nós, más que felices dixemos: Oh, It's free! It's free! Logo bebémosla, non? A camareira deulle a risa (normal). Un pouco máis tarde a muler volveu preguntarnos: "Do you want some bread?" Siii! Contestamos, pero alguén preguntou: It's free? E a camareira dixo que non cun sorriso. Nós, que non tiñamos más que 5 euros díxemos: Oh, se non It's free, logo non o queremos, thank you. A camareira xa non entraba nos pantalóns da risa. Antes de marchar deixámoslle unha mensaxiña que lle escribimos nun papel. Pónía algo así como:

Today, the food was:

	<input type="checkbox"/>
	<input checked="" type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>

(Para facerlle un pouco a pelota

E ao final da nota puxámoslle que éramos estudiantes españoles como escusa do noso péssimo inglés. Pagamos e marchámos coa nosa auga gratis pero sen o pan ↗.

## MELGAÇO

Ana Manivesa e Mónica Mella, 2º ESO



**X**a non queda ningúén no instituto! Uns en Grecia, outros en Francia... e nós?? Menos mal que nos queda Portugal!!!

Segundo, terceiro e cuarto. Todos fomos acollidos polo Proxecto Terra que, un ano máis, ofreceunos a posibilidade de coñecer o que nos rodea, viaxar e aprender, neste caso a vila portuguesa de Melgaço.

O xoves 7 de abril, ás nove reunímonos diante do insti e subimos as pi\*\*\*\*s escaleiras para ir coller o autobús e comenzar a viaxe. Uff, que cansazo! (e acabamos de empezar...). Ás once e media chegamos a destino. A viaxe durou dúas horas e media (un pelmazo), ademais tivemos que parar porque algúns se mareaban.

En Porta da Lama (Parque natural do Peneda-Geres) tivemos unha visita guizada. Pensamos que ía ser aburrido pero resultou moi interesante. Puxéronnos un

vídeo e unha moza fíxonos unha explicación sobre as instalacións do parque e tivemos que facer unha actividade. Todo en portugués pero entendemos ben, polo menos a guía, o vídeo a verdade é que falaba moi rápido e pillamos más ben pouco...

Agora toca comer!!

Ás tres comezamos a segunda parte da xornada. Tíñannos preparada unha camiñada polo monte para coñecer Castro Leboreiro, un lugar onde aínda hoxe algunha xente ten dúas vivendas, unha na parte baixa da montaña para o inverno (invernías) e outra na parte máis alta para o verán (brandas) e todos os anos fan a mudança de todas as cousas dunha casa para a outra. Curioso!! O problema foi que non pudemos visitar a zona prevista porque estaba ardendo todo e organizáronnos unha rota alternativa.

Xa son as cinco. Chegamos por fin á Pou-

sada da Juventude. Estamos esgotados despois da longa camiñada que fixemos. Agora ata a hora da cea toca xogar, dar paseos... en fin, descansar!

Ás nove e media tocou cear "Aggg". Logo "cada un ao seu cuarto". Esta frase case ninguén a oíu e poucos foron os que durmiron algo.

Segundo día:

Ás nove e media: almorzo. O zume sabía a auga con colorante...

O resto da mañá, visita á vila de Melgaço: mañá de museos: A torre do castelo, o museo do cinema e o museo etnográfico. Problema: quedamos durmidos, tanta festa é o que ten!



Estamos cansos, non podemos máis. Temos fame! Demasiada calor, e seguimos nun museo. Hai unha piscina, estamos por meternos... non nos faltan ganas ningunhas...

TEMOS SONO!! (hei, que te vas!!)

Ás dúas, por fin, comemos: spaguettis con carne, ensalada e, de sobremesa, torta.

Agora camiño da casa, paramos un chisco en Salvaterra e... ás cinco e media chegamos a Caldas.

Queremos volver a Portugal, pero que a piscina teña auga!!



## INTERCAMBIO CO IES PORTA DA AUGA (RIBADEO)

Rocío Varela, Nerea González, María García (2º ESO)



O alumnado de 2º e 3º da ESO realizamos unha actividade na materia de Lingua Galega que consistía nun intercambio co alumnado do instituto Porta da Auga de Ribadeo. Asignáronnoss os nosos correspondentes e comezamos a enviarnos cartas. O pasado 28 de abril, os alumnos e alumnas de Ribadeo viñeron ata a nosa vila para conéxernos e coñecer a nosa vila. Logo de presentarnos ensinámosllles o instituto e logo démos unha volta por Caldas para mostrarllles as cousas más importantes (axudounos unha guía do Concello, que foi quen lles explicou todo). A continuación puxémonos de camiño á Segade, foi unha camiñada longa e cansa (porque ía unha calor...) pero mereceu a pena xa que a cascada é preciosa. De alí collemos o autobús e fomos ao monte Lobeira para xantar, logo "subimos" ao miradoiro (impresionante!, vense case todas as illas de Galicia!) e despois collemos de novo o autobús rumbo a Cambados onde tive-

mos que facer unha actividade para coñecer mellor a vila e tamén persoeiros da nosa cultura (Cabanillas, Asorey, Leiro...); todos nos puxemos mans á obra xa que a recompensa era medio punto na avaliación ao grupo gañador. Aínda que pensamos que a actividade ía ser un tostón resultou ser moi entretida! Ao rematar leváronnoss ata a Illa da Toxa onde estivémos só media hora, o tempo suficiente para, con moita pena, despedirnos dos nosos correspondentes. Agora esperamos con moitas ganas que chegue o 31 de maio para poder ir a Ribadeo e volver velos e coñecer esa preciosa vila da que tanto nos falaron nas cartas. Foi unha experiencia moi bonita que, sen dúbida, volveríamos repetir.

Aquí vos deixamos unha pequena mostra do que foi a viaxe pero, se queredes seguir informados podedes entrar en <http://aquisporta.wordpress.com/> e ver, e comentar e...

## COLABOR... ANDO

### CLUB DE LECTURA / O CLUB DO POETA MORTO

José Afonso Romero P. Seguin (pai de alumno deste centro)

Neste tempo de beatificacións de urxencia, de peregrinaxes turísticas e espiritualidades pactadas. Nestes tempos, digo, nos que a indiferenza aínda máis que a mansedume móstrase como exemplo de rebeldía, e nos que non buscamos coñecernos máis aló da mera utilidade, fun invitado a participar nun proxecto de fortalecemento persoas, de cariño, de viaxe, de aventura, de serena profundación nos espazos da alma, sen esquecer a víscera, e sen perder tampouco de vista o depredador que levamos dentro. Non, non é que se me propuxese formar parte da CIA, nin tam pouco de ningunha das unidades militares de elite chamadas a facer xustiza lonxe do menor sentido ético e tamén estético. Sinxelamente chamouseme a participar nun evento que vai más aló, ese que é capaz de conter a íntima e definitiva historia da humanidade, a literatura, encarnada no proxecto dun **Club de lectura para pais e nais.**

Durante este tempo puiden ler en galego máis aló de fermosas páxinas de magníficos autores galegos, as de anónimos profesores, homes de ciencias e letras sumidos na ardua tarefa de educar e educarse, no nobre afán de respectar e respectarse. Falei con eles de literatura e da vida, que máis dá. Eles tamén o son, literatura e vida, coma nós, os pais, e coma vós, os fillos, e coma todos os nosos irmáns e concidadáns no máis profundo do noso ser e tamén na fermosa e fraternal responsabilidade que nos convoca o desexo de gañarnos para esa hu-

manidade que imos moldeando sen forma no ámbito da idea.

O camiño dos libros permitiúme involucrarme tamén no voso mundo: novo e resolto, ese que onte foi o noso e que se non antolla, con excesiva frecuencia, fóra de todo sentido lóxico ou da razón. E fixeno da súa man, eles, fronteirizos lazarillos, camiñan como ninguén entre a intensa luz desa onda na que viaxades os fillos, cegados pola emoción, camiño dun destino que a día de hoxe pertécevos e ao que vós pertecedes, e a nosa longa sombra de pais (enceguecida) cega por esa sorte de razón que chamamos experiencia, empeñada en guialo e moldealo dentro dun universo de palabras gastadas.


A literatura é unha experiencia que a miúdo nos transcende e desborda, con todo, nesta ocasión foi para mim unha oportunidade de recollemento, de reflexión, de aprendizaxe, de regreso ao fin a unha razón nobre, capaz e auténtica, e que a miúdo se nos escapa aos pais e nais, a mocidade, chámese coma o meu fillo, ou como todos vós, porque ese é a día de hoxe o voso verdadeiro nome e tamén a vosa verdadeira vocación. A utilidade, a súa utilidade, brilla nos vosos ollos.

Fun neste Club o poeta morto, Pedro, Ana, Lois..., aos poetas vivos, doulles as grazas a todos eles. E tamén a vós por permitirme rozar coa punta dos dedos o esencial ronsel do voso inmenso sinal existencial.

## GRUPO DE IGUALDADE / NÓS TAMÉN XOGAMOS



Claudia Iglesias, 4º ESO



Dende hai uns tres anos o grupo de igualdade(alumnado e profesorado) reunímonos (si, inclúome áinda que recoñeo que aparezo de pascuas en venres) cada luns no recreo para tratar un tema que consideramos moi importante: a igualdade.

Neste curso fixemos numerosas actividades a favor disto que defendemos: unha sociedade máis xusta, sen prexuízos segundo a cor, sexo, condición sexual... Fixemos algunas accións para chamar a vosa atención, como unha representación na que unhas mulleres limpaban "sangue" para lembrar o día contra a violencia de xénero e, como en ocasións anteriores, levamos a cabo a proxección de numerosas películas e curtas con contidos de igualdade para todos os cursos (non vos queixedes, eh!).

@s que somos parte deste grupo tamén




tivemos oportunidade de asistir a un coloquio cun psicólogo que nos fixo saber que no noso instituto hai máis desigualdades das que realmente aparenta haber. Isto dános forza para seguir co grupo, posto que vemos que é necesario.

Facendo balance deste curso vemos que cada vez máis xente se vai conciencianto, áinda que non o suficiente. En definitiva, animámosvos a todos e todas a que participedes neste club e nas actividades que se fan nel, e tamén, por suposto, a consultar o noso blog:

[eu\\_tamen\\_navegar.nireblog.com/](http://eu_tamen_navegar.nireblog.com/)

## CURSO DE RADIO

Rocío Luna Gago, 4º ESO



**E**ste ano no AquisCelenis celebrouse un curso de radio dirixido por dous profesionais de Radio Nacional de España, Juan Leiro e Antonio Gigante. Aínda que só asistimos dúas persoas, Damián e mais eu, resultou moi interesante. Tiñamos que vir ao instituto os xoves pola tarde e os sábados pola mañá durante, aproximadamente, dous meses.

Neste tempo fixemos catro entrevistas. A primeira a Ana Rial, e non tivemos case ningún problema; a segunda foi a Manuel Rosales, aínda que nos levou moito tempo encontrarlo, ao final conseguímolo; a terceira foi a Manuel Diéguez, quen nos pediu que lle deixásemos un día para preparar a entrevista porque non estaba acostumado a falar diante dun micrófono; a cuarta foi ao presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, nesta tivemos problemas coa graxación porque o teléfono móvil co que fala-

bamos con el fixo masa coa gravadora que estábamos utilizando nese momento. A entrevista non se escucha nada ben, pero sempre nos quedará o recordo de falar con tan distinguida persoa. Este material usámolo para elaborar unha reportaxe sobre Álvaro Cunqueiro, pois este ano cúmprese o centenario do seu nacemento.

Este curso foi unha experiencia moi didáctica, aprendemos cousas como utilizar un programa moi interesante chamado Audacity que serve para manipular o son e tamén como podemos baixar vídeos e sons de youtube... Pero ademais grazas a el puidemos descubrir se nos gustaba ou non a carreira de xornalismo o que nesta etapa, na que temos todo sen decidir, é moi importante. E todo isto non sería posible sen a colaboración de Pedro Lamas e dos profesores de Lingua e Literatura galega.

## NOVOS GRAFFITEIROS


Claudia Iglesias

**O** grupo de Plástica de 4º de ESO non paramos! Despois de facer diversas pancartas nas que nos manifestabamos a favor da igualdade, ademais dos cabezudos de entroido, agora temos un novo propósito: Facer un graffiti na cancela nova do instituto (que así estaba moi sosa).



## AQUIS ENTRA EN ACCIÓN

Adrián Romero, 2º Bach (integrante do equipo de dirección de "A foto-séntese")



Imaxes da gravación

**N**o noso instituto xa temos algunas experiencias co teatro, actividades cara ao exterior con música...pero agora o Aquis Celenis iniciouse no mundo do cine.

A iniciativa de facer unha película (curta) foi dos profesores encargados do grupo de Dinamización Lingüística, Ana e Pedro, que conseguiron unha axuda cun programa ben estruturado e preparado. Neste proxecto colaboramos o noso EDLG co do CPI de Portas e os dous centros formamos un equipo dunhas dez persoas con moita ideas... A formación teórica (elaboración de guión, organización do reparto...) correu a cargo de Mr Misto, unha empresa que se dedica ao mundo do cine. Logo veu a fase de elaboración de guión e, posteriormente, puxemos en marcha o casting, que tivo un éxito considerable xa que foi realizado por corenta persoas (alumnado, profesorado...), máis do que se esperaba, e que levou dúas arduas horas de selección, a elección dos actores e actrices resultou realmente difícil porque había calidade. Foi unha experiencia única.

Con todo o grupo de rodaxe xa

montado, comezamos os ensaios previos á gravación, cousa que nos levou días e días, pero que resultou divertido, sobre todo cando se perdían tardes libres.

Mentres rodámos a curta coa axuda dos profesionais de Mr Misto démonos de conta de que o cine é un mundo novo, onde nada é o que parece! Contra todo o que cabía esperar conseguimos rematar nunha tarde todo o traballo de gravación, nunha rodaxe que levou catro horas e media, para uns trinta e seis minutos de cinta (en bruto, incluíndo tomas falsas...) que quedarán finalmente en seis ou sete minutos de peli...

Pero aínda non remataba o traballo, quedaba a fase de postproducción: montaxe, música, carteis... e seguimos tendo axuda, de Mr. Misto por suposto, pero tamén do grupo Ad-hoc que nos compuxo a música e de Chema que se encargou do cartel.

Agora xa está todo preparado, só queda asistir á estrea mundial de "A foto-séntese", a gran película do Aquis, que con tanto traballo e esforzo por parte de todos e todas @s que participaron puido levarse adiante.

## ARRAS... ANDO


Otro ano máis desde o Ruxe-Ruxe (e xa nos supera, que non é ruxe-ruxe, que é verdade empírica!!!) queremos dar a noraboa aos alumnos e alumnas do Aquis que viron os seus esforzos recompensados cun reco-

ñecemento que, sen dúbida, merecen. Oxalá sirvan de exemplo e para o próximo curso teñamos novas caras nesta sección e, coma nesta ocasión, haxa representatividade en todas as frontes:



Nas linguas:

Claudia Iglesias (4º ESO) gañadora dunha das bolsas de estudos da Fundación Barrié de la Maza para cursar 1º de bacharelato en Estados Unidos



Nas ciencias:

José Manuel Busto (1º bach.), premio extraordinario de Secundaria



No deporte:

Marisol Diz, campioa galega e subcampioa de España de marcha

Cristina Janza (debuxo)




E, como non queremos ser menos, nós tamén imos recoñecer o mérito dunha persoa que destacou no campo que nesta revista máis nos ocupa: o do respeito e a difusión da lingua galega. Os/as integrantes do EDLG decidimos convocar os **Falaquis**, un certame no que o alumnado que forma parte do grupo votará cada curso para elixir a persoa do instituto que máis se implicou pola lingua. Este ano decidimos concederelle esta mención a Marta González Porto, alumnna de 2º de bach. Os que así o decidimos queremos recoñecerlle publicamente a súa evolución e súa actitude activa a favor da lingua galega.

# PREGUNT... ANDO

## ENTREVISTA A AID

Walter e Claudia



**A rapeira Aid visitou o noso centro neste mes de maio para ofrecer un obradoiro de hip-hop ao alumnado do EDLG e da materia de música, ade-mais asistiu tamén 2º da ESO.**

**Ao finalizar o mesmo, charlamos con ela e isto foi o que contestou ás no-sas preguntas:**

**Walter:** - A ver...ai! (suspirando)..como primeira pregunta...Cando te metiches no mundo do rap?

**Aid-** Pois aproximadamente aos trece anos máis ou menos, cando foi o boom de hip-hop, con xente coma Eminem, con 8 millas... aí coñecín o hip-hop, facía poe-sía de antes, entón gustoume esa forma de expresar que era moi parecida á poe-sía, ademais moito máis aberto que a poesía, e gustábame moito o ritmo que tiña, tiña un ritmo moi pegadizo, moi chulo a miñ encantoume, e a partir de aí pois pouco a pouco empecei a compoñer

cousas , pero moi pouco a pouco, ata agora

**Walter-** Que significa para ti o rap?

**Aid-** O rap é un xeito de expresión, é un dos elementos da cultura hip-hop e para min significa moito. Digamos que ademas na miña vida chegou así de repente, sen esperalo para nada, non teño ningún familiar músico, nin nada diso, e significa un xeito de expresarme, cando teño cal-querha problema o rap é unha terapia, se ti tes un problema e o escribes nun papel moitas veces ese problema vaise, esfú-mase ou faise menos grave, para ti faise más levadeiro. É así,é como máxico, maxia practicamente, tes unha preocupa-ción, e o feito de contala nun rap, nunha canción, fai que esa preocupación un pouco perda esa importancia.

**Walter-** Nunha entrevista que vin no teu myspace, que se non me equivoco che facía o Faro de Vigo, dicías que o rap era un diario da túa vida. Por que?



**Aid-** Era unha entrevista que me fixeron nunha revista de hip-hop, *Hip-hop Nation* ou *Hip-hop Life*, non me acordo, e dicía que era un diario da miña vida polo tema de que o rap para mim é expresar o que vivo, o que vivo cada día, como che dicía as preocupacións, se me preocupa o paro, se estou mal, falo sobre iso, ou se me preocupa calquera cousa, ou simplemente se estou feliz, porque hoxe me espertei feliz pois é o que conto. Digamos que é como unha crónica, un diario, vou escribindo en cada canción unha parte da miña vida, as miñas vivencias.

**Walter-** Como consegues alternar, conciliar o teu traballo cos estudos?

**Aid-** Dedicándolle un pouco a unha cousa e outro pouco a outra. Agora debería estar estudiando porque estou en época de exames, pero ben, sempre me permito, digamos que sempre descansas de estudar, non usas a mesma parte do cerebro, para escribir usas unha parte, e para estudar o que eu estudio, Matemáticas e rollos..., usas outra parte do cere-

bro, digamos que vas compensando, descansas unha cando usas a outra e viceversa, pero se pode compatibilizar un pouco cada unha.

**Walter-** Que che dixo a túa familia cando dixeches vou entrar no rap, vou entrar no hip-hop?

**Aid-** Nunca tomei a decisión de empezar a facer rap, ao principio empezaba a escoitar rap, empezaba a escribir así un pouco pola miña conta, sen gravar, sen contarle a ninguén que escribía... escribía letras pola miña conta, como quen escribe un diario, digamos. Algún día déuse-me por gravalá, aínda non sei por que (risas), houbo un día que se me deu por gravalá, e gravei unhas cancións e deixeinas no ordenador un tempo, e ata que un día se me deu por pasarllas a un amigo. Un pouco foron as primeiras gravacións, despois serían as segundas ou así, as primeiras perdidas despois dun tempo, e paseillas a un amigo, e ao amigo pois...gustáronlle, e colleu e colgoumas nun portal de hip-hop de forma de sor-

presa, e ben, foi a miña sorpresa que me agregou un tío que fixo un portal de hip-hop para pedirme non sei se eran carátuas ou non sei que, e claro, eu pregunteielle de que maqueta e tal..., e entón contoume que viña de subir unha maqueta, despois falei co meu amigo e deime de conta de que el me subira a maqueta. Pero tamén é certo que a partir de aí empecei a estar en contacto con moitos produtores e foi unha época un pouco estraña, porque eu tiña catorce anos, estaba facendo rap e más era unha rapaza e non había..., era raro mirar a xente nova facendo rap, e menos que fora unha rapaza, sabes?, era como... está será a irmá de alguén ou así, eu non sabía moi ben se a xente me estaba a tomar en serio ou se estaban a rir de mim, pero foi todo un pouco para adiante, agregáronme moitos produtores e pouco a pouco foi xurdindo todo. Pero nunca pensei vou facer rap, foi pouco a pouco, despois aos meus pais, un pouco más para diante ensineilles os temas, e si lles gustaron.

**Walter-** Pero a xente en principio non te tomaba en serio por que? Por que?

**Aid-** Non o sei, iso...eu son unha persoa bastante desconfiada para esas cousas, posiblemente si me tornaban en serio, eu miraba que todos os comentarios eran moi bos, praticamente todos eran..., pero claro eu, non sei, tamén depende da forma de ser, sobre todo as mulleres que somos así..., pero non sabía se o estaban dicindo honestamente ou se igual o estaban dicindo porque miraban.. é unha nena de catorce anos..., eu dubidaba aí, non sabía ben se realmente lle molaba ou se as condicións

lle inspiraban tenrura, compaixón ou algo así...e por iso digamos que non estaba moi segura...pero co paso do tempo fun mirando que había xente á que lle molaba o "rollo"

**Walter-** Outro tema tamén importante ultimamente... sobre o conflito entre o galego e o castelán...que opinas de todo isto?

**Aid-** Conflito espero que non haxa entre galego e castelán (risas) pero ben... está o galego aquí e está o castelán como cunha man por encima... e temos que intentar loitar, defender a nosa lingua e que permaneza e sobre todo que fique aí, e non só que estea aí no sentido de que imos falar en galego, que tamén (porque eu creo que a maioría dos galegos falamos galego) senón que ademais hai que reparar noutro tipo de sutilizaś, por exemplo as cousas modernas facelas tamén en galego porque parece que estamos relacionando galego sempre con gaiteiros, con vacas, co rural, con velllos e vellas, co Luar, con programas rancios, cunha televisión rancia ademais, creo que iso pois tamén está ben, pero non temos que relacionar o galego só con iso.



Temos que facer en galego cousas como un película de acción, producida en galego, unha película de risa

traducida ao galego, americana ou francesa ou o que sexa..., iso, música, cousas do día a día, cousas que son modernas, non só o rural.

**Walter-** Tamén me gustaría que opinaras como ves o rap en galego hoxe en día

**Aid-** Pois agora hai varios grupos, os que comezaron facendo rap en galego foron

Dios Ke te Crew, e tamén Os Trasnos de Moscoso, están aí facendo rap en galego. Agora hai tamén outros grupos que comenzaron a facer rap en galego, creo que cada vez hai máis, non só rap, tamén rock...todo iso, pero si, hai bo nivel agora de rap en galego.

(tras un pequeno silencio)

**Aid-** Que máis tes por aí?

**Walter-** A ver... estou vendo a chuleta... (risas, tras uns segundos...) o rap sempre foi usado para rebelarse contra situacions, como dicías antes para falar da túa vida. Cales cres que son os motivos de queixa na socieda- de actual?

**Aid-** Agora mesmo hai tantos tipos de raps que hai de todo, non hai nada usual. Quizais agora perdeuse algo da crítica social que houbo sobre todo a comezos dos oitenta, iso mellor en wikipedia.org podes buscar historia do rap e miras aí cando foi o boom do rap social, nos 80, 90... Public Enemy e tal...Hoxe en día hai moitos grupos que fan...tampouco falei no obradoiro do tema do rap gangsta para facelo más práctico pero é moi interesante profundar niso, porque o rap gangsta foi un xeito de rap que usaron bandas, xente que estaba moi moi marxinada, que eran delincuentes, delincuentes que comenzaron a facer rap, e saíron das rúas e comenzaron a meterse en estudos ou facendo corros de MCs e iso digamos que era como cambiar as pistolas ou os bates por un micró-

fono, iso foi un gran desenvolvemento para a xente que estaba nesa situación. Moitos deles comenzaron a ser iconas do hip-hop simplemente por contar a súa historia nese caso. E o rap gangsta foi moi bonito por iso, porque precisamente quitou a moita xente da rúa de estar matándose a estar competindo por outro tipo de cousas. Ese rap gangsta exportouse aquí a España, e agora cincuenta mil anos despois, miras rapaces que van de gangsters que non son gangsters pero se visten de gangsters e poñen cadeas de ouro que non son de ouro e fan videoclips rodeados de tías que están boísimas e con cochazos da "leche" e fan ese tipo de rap, pero ese tipo de rap non é honesto con eles, eles están vivindo outra cousa, non están vivindo iso.

Por iso tamén hai moita

corrupción artística no rap e hai moitos tipos de rap. E perdeuse un pouco iso do rap social, ainda hai moitos grupos que o fan pero...ao igual que tamén se perdeu na sociedade moita actitude reivindicativa, non é como nos oitenta que a xente saía ás rúas e no rap paso o mesmo, se ao final é un reflexo da sociedade.

**Walter-** Pois...

**Aid-** Estou afónica de falar...(risas)

**Walter-Pois...**xa rematamos. Moitas grazas pola charla, e tamén por conceder estes minutos e polo sacrificio da túa gorxa.

**Aid-** Grazas, a vós.

*Para o Almudano  
do Aquis Cómics //*

Dios Ke te Crew, e tamén Os Trasnos de Moscoso, están aí facendo rap en galego. Agora hai tamén outros grupos que comenzaron a facer rap en galego, creo que cada vez hai máis, non só rap, tamén rock...todo iso, pero si, hai bo nivel agora de rap en galego.

(tras un pequeno silencio)

**Aid-** Que máis tes por aí?

**Walter-** A ver... estou vendo a chuleta... (risas, tras uns segundos...) o rap sempre foi usado para rebelarse contra situacions, como dicías antes para falar da túa vida. Cales cres que son os motivos de queixa na socieda- de actual?

**Aid-** Agora mesmo hai tantos tipos de raps que hai de todo, non hai nada usual. Quizais agora perdeuse algo da crítica social que houbo sobre todo a comezos dos oitenta, iso mellor en wikipedia.org podes buscar historia do rap e miras aí cando foi o boom do rap social, nos 80, 90... Public Enemy e tal...Hoxe en día hai moitos grupos que fan...tampouco falei no obradoiro do tema do rap gangsta para facelo más práctico pero é moi interesante profundar niso, porque o rap gangsta foi un xeito de rap que usaron bandas, xente que estaba moi moi marxinada, que eran delincuentes, delincuentes que comenzaron a facer rap, e saíron das rúas e comenzaron a meterse en estudos ou facendo corros de MCs e iso digamos que era como cambiar as pistolas ou os bates por un micró-

fono, iso foi un gran desenvolvemento para a xente que estaba nesa situación. Moitos deles comenzaron a ser iconas do hip-hop simplemente por contar a súa historia nese caso. E o rap gangsta foi moi bonito por iso, porque precisamente quitou a moita xente da rúa de estar matándose a estar competindo por outro tipo de cousas. Ese rap gangsta exportouse aquí a España, e agora cincuenta mil anos despois, miras rapaces que van de gangsters que non son gangsters pero se visten de gangsters e poñen cadeas de ouro que non son de ouro e fan videoclips rodeados de tías que están boísimas e con cochazos da "leche" e fan ese tipo de rap, pero ese tipo de rap non é honesto con eles, eles están vivindo outra cousa, non están vivindo iso.

Por iso tamén hai moita

corrupción artística no rap e hai moitos tipos de rap. E perdeuse un pouco iso do rap social, ainda hai moitos grupos que o fan pero...ao igual que tamén se perdeu na sociedade moita actitude reivindicativa, non é como nos oitenta que a xente saía ás rúas e no rap paso o mesmo, se ao final é un reflexo da sociedade.

**Walter-** Pois...

**Aid-** Estou afónica de falar...(risas)

**Walter-Pois...**xa rematamos. Moitas grazas pola charla, e tamén por conceder estes minutos e polo sacrificio da túa gorxa.

**Aid-** Grazas, a vós.

Para o Almudano  
do Aquis Cómics //

## ENTREVISTA Á GRAN ATLETA MARISOL DIZ PÉREZ

Lorena Cobas, 4º ESO



### Cantas anos levas no mundo do atletismo?

- Pois xa levo uns nove aniños.

### -E competindo?

- Tamén levo os mesmos anos.

### -Pero xa empezaches a practicalo dende tan pequena? A que nivel competías?

- Si, empecei a practicar este deporte aos sete anos e xa competía a nivel autonómico.

### -Cantas horas adestrás á semana?

- Duas horas diárias.

### -Onde soes adestrar?

- Adoito adestrar en Moraña pero tamén vou tres días a Pontevedra.

### -Os adestramentos sóencheuitar tempo de estudo?

- Si, pero sempre hai que saber organizarse.

### -E segues no mesmo equipo de cando eras pequena?

- Eu son da canteira do AT.Cuntis aínda que uns anos estiven nun equipo de Moraña, pero co mesmo adestrador, máis tarde fun outra vez do AT.Cuntis ata este ano que me fichou un equipo do País Vasco.

### -Cal foi a túa mellor experiencia competindo?

- O ano pasado en Barcelona coa selección porque a parte de gañar, levei moi amigos.

### -Falando dos amigos, nas competicións, coñeces moita xente?

- Pois a verdade é que si, porque a parte de coñecer a mozos e mozas de Galicia tamén teño grandes amigas doutras comunidades.

### -Estiveches nalgún encontro da selección ou da federación Española?

- Pois estiven en tres encontros, o 1º ano foi en Lugo, o 2º foi en Benidorm e o 3º foi en Pontevedra.

### -A quen escollen para estes encontros?

- Sempre escollen aos catro primeiras/os de España.

### -Que finalidade teñen estes encontros?

- Só moi poucos teñen esta oportunidade pois, a Federación Española elixe os que debutarán coa selección Española e sempre contamos cos melhores adestradores, psicológos, médicos e fisioterapeutas de España que están seguido preto de nós.

## BROME...ANDO



para que non nos pase nada e prepáranos tanto psicolóxica como fisicamente.

**-Ti es galehofalante, cando asistes aeses encontros e ás competicións tes algún problema coa lingua?**

- Non. Ao principio sempre din o típico "que riquiña", pero despois sempre acaban querendo saber algo de galego.

**-Verémoste algún día nalgún campionato importante?**

- Pois espero que si, este ano pode ser que xa me vexadas!!

**-E logo que campionatos hai este ano fóra de España?**

- Hai a copa do mundo e as olímpíadas da xuventude.

**- A estes campionatos irías ti soa en representación de España ou serías das más compañeiras na carreira?**

- Non, con compañeiras doutras comunidades.

**- Cres que o tes moi complicado?**

- Complicado é sempre, porque a marcha é moi complicada, pero visto as últimas competicións creo que non.

**-Polo que sabemos, es unha das mellores atletas da selección galega, pero fixérонche algún recoñecemento?**

- Si, recibín cartas da Xunta de Galicia, da Federación Galega e de asociacións deportivas, pero a parte diso fun galardoada nas galas dos meipres atletas absolutos de Galicia e tamén recibín varios recoñecementos do concello de Cuntis.

**-Pois nós estarémoste animando desde o instituto. Desexámosche sorte!!**

- Moitas grazas!



Xosé Lois



Davila



Pepe Carreiro

## RECAPITUL... ANDO

### GALERÍA DE FOTOS



Obradoiro de Prevención de Drogodependencias. Equipo Terapéutico Prisión Provincial de Monterroso. 2º Bach.



Visita ao Hospital e Centro de Día do Psiquiátrico de Conxo. 2º Bach.



IIº Encontro co Grupo de Autoxestores da Asociación de Discapacitados ASPAS, de Santiago. 2º Bach.



Festa de Nadal na Residencia de anciáns e Concerto do grupo Trash con final su- blime.



Asistencia a un xuízo e charla-coloquio coa Xuíza do Xulgado nº 1. 2º Bach.



Acción iurbana inmóbil en conmemora- ción do 23F.



Acción colectiva urbana. Día Mundial da Poesía. 21 de marzo. 2º ESO.



Obradoiro semanal de acompañamiento de persoas maiores. 2º Bach.

## GALERÍA DE FOTOS II



Cándida, a avoa de Inés, veu falar da súa experiencia na emigración en París. 2º ESO.



10 club de lectura pasouno de medo: na biblioteca pública e no mosteiro de Carboeiro




Exposición "A paz: cuestión de fondo"



Currando duramente para o Magosto.




Festa rachada no Antroido.



Non todo ía ser festa. Visita do escrito Francisco Castro


### GALERÍA DE FOTOS III



Parella poético-activista repartindo poemas, porta por porta.



Actuación de Serafín Marcos para recordar a Lois Pereiro



O tempo non chegaa a nada... na gravação da curta



Obradoiro de Djembé con Bilal



E rematamos a golpe de charanga.



Foto de despedida de Belén, a profe substituta de filosofía.



Permuy, domando, no Castro Laboreiro, na serra do Xurés.

## ACAB... ANDO

Katia Ferrín Iglesias 4º ESO

Sentete orgulloso, parla la tua lingua!!

*Harroegon, fala a túa lingua!!*

**Stollbist, habla tu lengua!!**


Feel proud, *zure hizkuntza hitzegin!!*

*Siéntete orgulloso, parle ta langue!!*


Sentiti orgoglosi, fala a túa lingua!!

*Síntete orgulloso, speak your language!!*

Sens-toifier, *apreche dein espache!!*



POR TAQUIS VISIÓN S presenta:



# A FOTOSÉNTESE

EDLG do CPI Domingo Fontán

MRMISTO  
FILMS

G/C  
DEPARTAMENTO DE  
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
AQUIS